



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso
administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2025/G010/000019
Sesión núm. 18/2025-Pleno

DECRETO DA ALCALDÍA DA CONVOCATORIA DO PLENO

De conformidade co establecido no artigo 46, apartados 2 e 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 78 e 80 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e por cadrar o día inicialmente previsto co Nadal, festivo, en aplicación do acordado para os efectos no punto 5º da sesión plenaria de organización, celebrada o 11 de xullo do 2023,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar sesión do Pleno do Concello para as data, hora e lugar que se indican en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria, coa seguinte orde do día:

Sesión de: Pleno
Convocatoria: Ordinaria

Data da sesión: 29 de decembro do 2025
Hora: 20.00
Lugar: Salón dos plenos da Casa do concello

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación das actas (sesión núms. 17/2025-P).
- 2º.- Delegación na Deputación Provincial de recadación de taxas (entrada vehículos, cemiterio e mesas e cadeiras).
- 3º.- POS+2026 Adicional 1/2026 gastos sociais extraordinarios.
- 4º.- Cesión de terreos ao concello de Sada.
- 5º.- Control da actividade dos restantes órganos da Corporación.
 - A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 24 de novembro ata o 22 de decembro do 2025 (núms. 2170-2306).
 - B. Mocións.
 - C. Rogos e preguntas.

SEGUNDO.- Dar traslado desta Resolución aos sres. concelleiros membros do órgano colexiado, advertíndolles que, conforme co disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a súa imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO.- Que se poña a disposición dos concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día que deban servir de base para o debate e, de ser o caso, votación, na Secretaría do Concello, aparte da súa posta a disposición a través da sede electrónica municipal ou da súa remisión por medios dixitais.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e pola secretaria do Concello, María del Carmen Seoane Bouzas, o 23 de decembro do 2025.